

**UN NADAL SEN PANDEMIA**

Outro ano consumido,  
De cobizas e folgos esgotados  
Loitando cunha pandemia de inimigo  
Que quere vernos derrotados;  
Mais imos pintando no camiño  
As cores da esperanza, paso a paso.

E así retorno co desexo do agarimo,  
en sombras cruelmente afastado,  
a este belén entre solsticios  
seguindo o vieiro estrelado  
que me leva a ese belo paraíso  
nas terras de Begonte deseñado  
polo enxeño do Varela unido  
co afán de don Xosé, sempre lembrado.

A vella casa agarda no seu niño  
da Chaira dos afectos enlazados,  
coa faciana aberta do poxigo  
e a enxebreza tinguida no lousado.

Abro e entro, paseniño,  
Con sixilo de neno enfeitizado  
que me leva a ese calor antigo  
da cociña de rostro enferruxado.  
Xa estou no lar, atado fío a fio  
Que me conecta con ese berce amado:  
a esencia proxenitora,fondo suspiro

pola chegada do fillo ansiado.

Tres corazóns latexan nun brío  
De emocións que nunca tiñan murchado,  
E que van escorrentando o duro frío  
Que deixou en nós o virxinal pecado.  
Miro para o meu pai que vai vencido  
Polas loitas ingratas dun pasado  
Que lle anegou de fendas o espírito  
E uns brazos de labrego derrotado.  
A miña mai alenta con cariño  
As eivas do pensamento desnortado  
que busca a quentura dun abrigo  
no presebe do Nadal sempre soñado.

Fundidos nunha aperta os tres xuntiños,  
Sendo UN nese abrazo prolongado  
que nos fai esquecer o irto friso  
de sentirnos tanto tempo afastados.  
Que ledicia, meu Deus, o noso fillo  
atópase aquí ao noso lado,  
berran os dous nun roto chío  
que racha os muros de inverno tan xeado.  
E a casa quece co noso arrimo,  
De sorrisos e verbos acougados  
Que deixan no ánimo dorido  
os matices da ledicia ben pintados.

Non importa o espazo esvaecido  
nin os sentimentos xa gastados,  
fica en nós firme auxilio  
de sabernos con agarimoa compañados.

Este Nadal é coma un río  
polo que firmes navegamos  
cara a ese temporo construído  
de suxeitos tristemente enmascarados.

Pais e fillosen hálito unidos  
Con alento fraternal engaiolado  
nese amor que se fai infindo  
e nin o coronavirus dá rachado.

Belén da Chaira, verso espido  
pola voz de Begonte declamado,  
para seres sublime bebedizo  
daquel que anda desamparado.

Ao teu lume correr ansío  
para avivar o meu azo malpocado  
e alento a esperanza de sabernos vivos  
para compartir a quentura dos abrazos,  
nunha era anovada de sorrisos  
que oorballe un Nadal no que amarnos.